

## SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 23/07/2024

### **PRESIDENTE**

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

### **Lista de asistentes**

DIEGO GARCIA SANTIAGO  
CARLOS COIRA LOJO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
SONIA OUTÓN CASAL  
PAOLA MARIA MOCHALES

### **Lista de non asistentes**

ALBERTO VARELA PAZ

### **SECRETARIO/A**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

### **INTERVENTORA**

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 23/07/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 15-jul-2024, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2024/2766**

Dáse conta da seguinte proposta do Enxeñeiro Informático para anular o acordo da Xunta de Goberno Local de renovación do servizo de subscrición da licenza do sistema de software veeam backup de copias de seguridade coa empresa Balidea Consulting&Programming, S.L. para o ano 2024-2025:

Na X.G.L. do día 02/01/2024 adxudicouse o seguinte acordo: "Adxudicación á empresa BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING S.L. dun servizo de subscrición dunha licenza de Veeam Backup Essentials Enterprise 2 socket bundle para o período do 10-8-2024 ao 9-8-2025 por un importe de 2.270,78 € IVE incluído. A facturación farase a partir do 10 de agosto de 2024."

Debido a que este servizo de subscrición está incluído no proxecto "RENOVACIÓN DO C.P.D. DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", recentemente finalizado cunha subvención do Ministerio de Política Territorial destinada á transformación dixital e modernización das administracións das Entidades Locais, non procede a contratación de dito servizo á empresa BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING S.L.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

A anulación da "Adxudicación á empresa BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING S.L. dun servizo de subscrición dunha licenza de Veeam Backup Essentials Enterprise 2 socket bundle para o período do 10-8-2024 ao 9-8-2025 por un importe de 2.270,78 € IVE incluído, debido a que a prestación deste servizo non comezou e está incluído no proxecto "RENOVACIÓN DO C.P.D. DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA" en funcionamento.

### PRP2024/2825

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do convenio para ocupación de espazo de 32 m<sup>2</sup> da parcela situada na rúa Muiños-Carballido Cea (Ref. catastral36060A021000680000GI), propiedade de Don José Angel Barcala, para instalación dun sistema de depuración autónomo que dea servizo á rede de saneamento que se esta proxectando na rúa Muiños.

Comprometéndose o Concello de Vilagarcía á instalación do Sistema de Depuración Autónoma para dar servizo a saneamento da rúa Muiños-Carballido, parroquia de Cea, e o seu posterior mantemento.

### PRP2024/2827

Dáse conta do acordo transaccional entre os irmáns Sanz Acosta, Promarsa Arousa SL, e Inversiones Liceo Marítimo S.L., no Procedemento Ordinario 11/2020. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda mostrar a súa conformidade ao acordo transaccional, polo que se recoñece que os irmáns Sanz Acosta eran propietarios proindivisos de 105m<sup>2</sup> de terreo existente no vento Este da finca, propiedade de Inversiones Liceo Marítimo, S.L., adquirida ao Liceo Casino de Vilagarcía.

Así mesmo se recoñece que Promarsa Arousa, S.L. era propietaria de 40 m<sup>2</sup> existente no vento este da finca propiedade de Inversións Liceo Maritimo, S.L. adquirida ao Liceo Casino de Vilagarcía.

Dar conta do presente acordo a D. Pedro Palomino Barba.

## RECURSOS HUMANOS

### PRP2024/2738

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de xuño de 2024, por un importe total de 10.275,00€ e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIONS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACION XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	DIETAS	Nº sesións	DIETAS	Nº sesións	DIETAS	
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1150,00 €
D. CARLOS COIRA LOJO	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1200,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1150,00 €
Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	4	x 50,00 €	1200,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
Dª Mª ELENA SUAREZ SARMIENTO	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	550,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	600,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	---	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	0,00 €
Dª MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	650,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	550,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	550,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	2	x 150,00 €	1	x 125,00 €	6	x 50,00 €	725,00 €
Dª ROSA Mª ABUIN RODRIGUEZ	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	600,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	2	x 150,00 €	2	x 125,00 €	5	x 50,00 €	800,00 €
<b>T O T A L</b>							10275,00 €

### PRP2024/2739

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 30 de xuño de 2024, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes xullo
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
<b>T O T A L</b>		7.700,00 €		

### PRP2024/2800

Vista a necesidade manifestada polos empregados públicos municipais dos servizos de obras, xardíns, medioambiente, etc..., de realizar un curso teórico-práctico de des/montaxe de escenario modular e visto que no contrato coa empresa Quirón Prevención non está incluído e polo que se solicitou orzamento á empresa para a súa realización.

Recibido o presuposto o gasto estimado sería de 2.903,12 € sen IVE (cursos de formación están exentos), para a impartición de dito curso en 4 grupos de 4 alumnos/as cun total de 4 horas lectivas de formación.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da empresa Quirón Prevención para realización do citado curso por importe de 2.903,12 sen IVE(cursos de formación exentos), con cargo á partida 221-16200.

### PRP2024/2802

Vista a necesidade manifestada polos empregados públicos municipais dos servizos de obras,

xardíns, medioambiente, etc..., de realizar un curso teórico-práctico de operadores de carretillas elevadoras e visto que no contrato coa empresa Quirón Prevención non está incluído e polo que se solicitou orzamento á empresa para a súa realización.

Recibido o presupuesto o gasto estimado sería de 2.903,12 € sen IVE (cursos de formación están exentos), para a impartición de dito curso en 4 grupos de 4 alumnos/as cun total de 4 horas lectivas de formación.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da empresa Quirón Prevención para realización do citado curso por importe de 2.903,12 sen IVE(cursos de formación exentos), con cargo á partida 221-16200.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **EMPREGO**

#### **PRP2024/2737**

Dáse conta da proposta da Concellería de Promoción Económica:

En sesión de XGL de data 24 de xuño de 2024 acordouse a redacción do proxecto de instalación de autoconsumo colectivo na zona do mercado de Vilaxoán no Concello de Vilagarcía de Arousa, á empresa VERTIA INGENIERIA S.L., establecéndose un prazo para a entrega, dunha semana.

A empresa entregou en prazo o proxecto, estimando o orzamento da devandita actuación, en 24.804,61€ .

Tendo en conta o exposto, A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto técnico denominado “Instalación fotovoltaica de autoconsumo colectivo na zona do mercado de Vilaxoán”, redactado por Vertia Ingeniería S.L. (B-70483052), por un orzamento estimado de 24.804,61 IVE INCLUIDO €.

#### **PRP2024/2829**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 2023", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Clece SA para o servizo de limpeza extraordinaria do Centro de formación de mahosinhos con motivo da finalización da obra realizada polo obradoiro dual de emprego, por importe de 252,79€ (IVE incluído) con cargo á partida 2412.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2024/2741**

Dáse conta da Memoria do Curso Académico 2023-2024 do Conservatorio Profesional de Música e remisión da documentación do fin de curso ó Servizo de Inspección Provincial de Educación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e datos de matriculación curso académico 2024-2025.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2024/2768**

Dáse conta da seguinte proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música:

A Empresa ALDA RIAS BAIXAS S.L.U con CIFB70476494 ten remitido a través do programa FACE a factura correspondente ao aloxamento dos artistas da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 no Hotel Alda Castelao de Vilagarcía de Arousa por un importe total de 2.199,00€.

A proposta de gasto do aloxamento do festival clasclás no dito Hotel tramitouse inicialmente na XGL de data 03/06/2024, PRP2024/2058 por un importe de 1.953,00 € Posteriormente realizouse unha modificación da RC derivada das necesidades expostas polos artistas do festival, incrementando o gasto en 120,00 € , facendo un total de 2.073,00 €, autorizada pola XGL na sesión do 17/06/2024- PRP2024/2271. O martes 25 de xuño recibimos a chamada da Mendialdúa Music S.L., empresa contratada para a realización do concerto do 27 de xuño informando que unha das intérpretes que ía a acudir ao Festival non podería asistir por prescrición facultativa, trátase de Judith Bardolet Vilaró, que compartía habitación co seu home, que é outro dos integrantes do cuarteto e quesí acude ao festival. En consecuencia foi preciso substituíla e modificar a reserva do hotel solicitando unha habitación máis para a persoa que formou parte do Cuarteto Gerhard no seu lugar.

A dita diferenza ascende a 126,00 €, correspondente ao aloxamento de dúas noites( 26 e 27 de xuño) no Hotel Alda Castelao do substituto da Sra. Bardolet, que foi o seu irmá Joel Bardolet Vilaró.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobación da modificación de gasto e RC correspondente á Empresa ALDA RIAS BAIXAS S.L.U con CIF B70476494 polo importe total de 2.199,00 € IVE engadido, incrementando o gasto da cantidade autorizada pola XGL en 126,00 € por mor da necesidade de aloxamento individual do substituto da Sra. Bardolet con cargo á partida 2024 3261 22699 do Proxecto con código 2024-3- CRRTE-5-1 do orzamento do festival financiado con RRPP para o ano 2024

### **PRP2024/2926**

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude e conta xustificativa da subvención da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, destinada a subvencionar o funcionamento de Escolas de Música das que sexan titulares os concellos ao abeiro da Orde do 29 de maio de 2024.

Facendo constar que:

- O cumprimento da finalidade da subvención
- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados imputables á actuación subvencionada, referentes ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2024, son os seguintes:

Pro.	Eco.	Descrición	Obligaciones Reconocidas
3262	151	ESCOLA DE MÚSICA-GRATIFICACIÓNS	173,76
3262	212	ESCOLA DE MÚSICA-EDIFICOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS	68,37
3262	213	ESCOLA DE MÚSICA-MAQUI, INSTALA. TÉCNICAS E UTILLAXE	205,70

3262	16000	ESCOLA MUSICA-SEGURIDADE SOCIAL	34.368,25
3262	22000	ESCOLA DE MÚSICA-ORDINARIO NON INVENTARIABLE	458,67
3262	22199	ESCOLA MUSICA-OUTROS SUBMINISTROS	320,90
3262	22200	ESCOLA MÚSICA-SERV. TELECOMUNICACIONES	454,71
3262	22699	ESCOLA MÚSICA-GASTOS DIVERSOS	186,34
3262	22799	ESCOLA MÚSICA-OUTROS TRABALLOS EMPRESAS E PROFESIONAIS.	104,50
3262	1200000	ESCOLA MÚSICA-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	68.015,99
3262	1200001	ESCOLA DE MUSICA-RETRIBUCIÓNS BÁSICAS FUNCIONARIOS INTERINOS	3.299,10
3262	1207000	ESCOLA MUSICA-ATRASOS PLXE RETRIB. BÁSICAS FUNCIONARIOS	1.326,42
3262	1207001	ESCOLA MÚSICA-ATRASOS PLXE RETRIB. BÁSICAS FUNC. INTERINOS	85,52
3262	1210000	ESCOLA MÚSICA-COMPLEMENTO DE DESTINO	29.342,08
3262	1210001	ESCOLA MÚSICA-COMPLE DE DESTINO FUNCIONARIOS INTERINOS	1.639,68
3262	1210100	ESCOLA MUSICA-COMPLEMENTO ESPECÍFICO	46.702,49
3262	1210101	ESCOLA MÚSICA-COMPLE. ESPECÍFICO FUNCIONARIOS INTERINOS	2.617,18
3262	1210303	ESCOLA MÚSICA-OUTROS COMPLEMENTOS GRAT. PAGA EXTRA	2.637,00
3262	1307000	ESCOLA DE MUSICA-ATRASOS LPXE RETRIB. BÁSICAS LAB. FIXO	15,48
			192.022,14

- Que se recibiu unha subvención da Deputación Provincial de Pontevedra "Plan Concellos 2023": Gasto corrente novo. Limpeza Escola Municipal de Música por importe de 9.500€. Acórdase así mesmo autorizar a remisión da documentación correspondente para solicitude de dita subvención ante a Xunta de Galicia.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### MEDIO AMBIENTE

#### PRP2024/2805

Dáse conta da chegada a este Concello da Resolución de Augas de Galicia, da concesión de axudas convocadas pola Resolución de 29 de decembro de 2023, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución das obras co fin de minimizar as perdas da auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia que se convocan para o ano 2024 (AU301E)

O CUSTE TOTAL É 46.295,22 € (IVE INCLUIDO)

O IMPORTE TOTAL DA AXUDA CONCEDIDA: 37.036,18€ (IVE incluído) estando a diferenza de 9.259,04€ (IVE incluído) será soportado polo concello.

Recordase que o IVE será subvencionable só no caso de que non sexa repercutible. Para tal efecto, o concello deberá presentar coa documentación xustificativa un certificado en que declare expresamente que o IVE dos gastos subvencionables non é repercutible polo concello.

artigo 6 establece que a porcentaxe da subvención é 80% da inversión da actuación proposta, co límite máximo por solicitude de 45.000 € ata esgotar o crédito previsto nesta resolución.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora da concesión de subvención por importe de 37.036,18€, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades

municipais nos sistemas de abastecemento. Encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga.

Acordase ase mesmo aprobar a achega municipal por importe de 9.259,04€.

#### **PRP2024/2770**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por LiGNUM URBE, S.L. para a a reparación do chan e do valado, do parque infantil do parque de Doña Concha en Vilaxoán, por un importe total de 3.284,18 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22615, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2024/2804**

Con data 03 de xullo de 2024 recibíuse no Concello notificación da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade na que se comunica a modificación da resolución de concesión da subvención ao CIM para o ano 2023, expte SI427B2023/66-0

Esta modificación se realiza por minoración do importe da axuda otorgada de 45.000€ da que se deu conta a XGL do 28 de agosto de 2023.

A minoración se produce ao terse xustificadas un número de horas inferior ás previstas na solicitude e que serviron de base ao cálculo da subvención, sendo esta situación atribuíble á ILT da Pedagoga- Axente de Igualdade.

En base a Xunta de Goberno Local queda sabedora que o importe da axuda definitiva queda en 41.540,34€ producíndose polo tanto unha minoración de 3459,66€

Acórdase así mesmo o recoñecemento de obriga e proposta de pagamento de liquidación final da axuda concedida para o 2023 por importe de 11.540,34€.

## **CULTURA**

#### **PRP2024/2818**

Dáse conta da sinatura do Convenio Regulador para concesión da subvención directa para o ano 2024, entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Cultural e Lúdica "O Apostoliño". para recuperación do patrimonio cultural "O enano e a Maruxa", por importe de 2.032,80€, con cargo á partida 334-2489.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento da obriga do adianto do pagamento do 50% da subvención por importe de 1.016,40€ con cargo á citada partida orzamentaria.

## **CONTRATACIÓN**

#### **PRP2024/2809**

Dáse conta do expediente de contratación CT 55/2024-e tramitado mediante Procedemento

Negociado sen Publicidade, para adxudicar o Contrato privado denominado "Actuación do grupo musical Café Quijano nas festas de San Roque 2024", cun tipo de licitación de 42.350,00€ (IVE incluído).

Polo licitador Artisti-K Producciones Musicales y Culturales S.L.U.(CIF: B24588360) presentouse a seguinte oferta:

NIF	LICITADOR	IMPORTE SIN IVE	21% IVE I	IMPORTE CON IVE
B24588360	Artisti-K Producciones Musicales y Culturales S.L.U.	35.000,00 €	7.350,00€	42.350,00€

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, a valoración da oferta é a seguinte:

NIF	LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA SEN IVE	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTUACIÓN	MOTIVO
B24588360	Artisti-K Producciones Musicales y Culturales S.L.U.	35.000,00€	42.350,00€	0,0 puntos	O licitador oferta o prezo tipo de licitación

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Adxudicar o contrato denominado Contrato privado da "Actuación do Grupo Musical Café Quijano nas festas de San Roque 2023", con un presupuesto de licitación de 42.350,00€ (IVA incluído) á seguinte empresa: CIF:B24588360, Artisti-K Producciones Musicales y Culturales S.L.U., de conformidade coa súa propia oferta en aplicación co único criterio de valoración (precio) previsto no PCAP, con cargo á aplicación orzamentaria 92024-1382. Oferta do licitador:

CIF	LICITADOR	IMPORTE SIN IVA	21% IVA	IMPORTE CON IVA
B24588360	Artisti-K Producciones Musicales y Culturales S.L.U.	35.000,00 €	7.350,00€	42.350,00€

#### **PRP2024/2744**

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Servizos e Medio Rural para adxudicar o contrato menor de Servizos consistente na redacción de proxecto de "Peonalización e Humanización das rúas Grupo San Roque":

Por resolución do Sr. Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, do 12 de xuño de 2024, previa solicitude, concédese a este Concello unha subvención, o abeiro do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2024), por importe total de 9.926,20 € para a redacción do proxecto " Peonalización e humanización das rúas grupo San Roque".

A zona de actuación, está composta por un grupo de rúas que rodean un conxunto de antigas vivendas sociais moi próximas ao principal centro de saúde. Tamén se caracteriza por estar próxima a una nova zona comercial.

O estado da zona de actuación é característico dunha zona urbana onde o asfalto foi gañando presenza fronte á pavimentación máis tradicional como pode ser a pedra.

Ademais co incremento dos vehículos e das novas necesidades de aparcamento foi pouco a pouco véndose reducindo o espazo para o uso peonil.

Este grupo de rúas presentan unha configuración moi similar composta dunha vía para vehículos de aproximadamente 3.5 m de ancho e beirarrúas a ambos lados de aproximadamente 1.5 m. A pavimentación das beirarrúas caracterízase por ser lousas de formigón e asfalto para a zona de paso dos vehículos.

Na actualidade, o itinerario peonil carece dunha adecuada accesibilidade xa que se pode atopar bordo, beirarrúas moi estreitas e outros elementos que impiden o paso dos peóns de xeito seguro e accesible.

O obxectivo da actuación neste grupo de rúas consiste principalmente en:

- Diseñar unha nova sección das rúas con plataforma única sendo prioritario en todo caso o paso de peóns.



- Garantir un itinerario accesible e inclusivo dispoñendo tamén de medidas para persoas con dificultade visual.
- Propoñer unha axeitada reorganización do tráfico con total seguridade para os peóns.
- Implementar unha nova sinalización para a correcta convivencia de tráfico e peóns.
- Regular e limitar as zonas destinadas a aparcamento.
- Renovación das redes de servizos urbanos existentes.
- Creación de novos espazos verdes para o ocio totalmente accesibles.
- Instalación e colocación de mobiliario de novo mobiliario urbano como bancos, fontes, papeleiras, fontes, etc.

O concello de Vilagarcía de Arousa unicamente dispón na súa plantilla dun arquitecto que ten encomendado, entre outros, tarefas de redacción de proxectos, de informes relativos temas urbanísticos e de planeamento, ademais de asistir as reunións e sesións de traballo de modificación do actual PXOM de Vilagarcía de Arousa.

Dada a carga de traballo que soporta este técnico non é posible que asuma a redacción deste proxecto.

Solicitado orzamento para a redacción do proxecto “Peonalización e humanización das rúas grupo San Roque”, á mercantil Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones, S.L. (ZUBÍA INGENIEROS), NIF: B36937282 oferta o seguinte:

Redacción de proxecto de “Peonalización e humanización das rúas grupo San Roque”: ..... 12.000,00 € + 21% IVA = 14.520 (iva incluído).

Financiación: Deputación Pontevedra 9.926,20 € (68,36 % do coste iva incluído). O concello aportará 4.593,80 €, (iva incluído).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de servizos de redacción do proxecto de “Peonalización e humanización das rúas grupo San Roque” á mercantil Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones, S.L. (ZUBÍA INGENIEROS), con NIF: B36937282 por un importe de 12.000,00 € ao que lle corresponde un IVE 21% de 2.520 €, o que totaliza un importe de adxudicación 14.520 € con cargo á partida 92024-1382, cofinanciada con cargo á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra, Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2024).

### **PRP2024/2787**

Dáse conta do informe da Autoridade Portuaria en relación ao Proxecto de Recuperación da Fachada Marítima, redactado por Don Manuel Tanoira Carballo en decembro de 2023, o cal contén as obras necesarias para a recuperación urbana na zona do muelle do Ramal. A Xunta de Goberno Local queda sabedora do devandito informe, no que se indica que para obter a autorización da Autoridade Portuaria será necesario aclarar e/ou modificar o contido de diversos aspectos do proxecto.

### **PRP2024/2791**

Dáse conta do expediente CT 52/2024-e tramitado mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar o contrato de subministro denominado "Adquisición, instalación e posta en marcha de elementos para refrigerado na praza de abastos de Vilaxoán, cun orzamento de licitación de 26.690,00€ (sen IVE) e de 32.294,90€ (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: 35431020A ISIDRO FERNÁNDEZ PORTAS Fecha de presentación: 02 de julio de 2024 a las 10:36:05

A oferta presentada polo licitador e a seguinte:

LICITADOR	Oferta económica sen IVA	Mellora: incremento do prazo de garantía	Mellora: redución do prazo de execución en un mes	Mellora: executar alimentación e conexión dos equipos
ISIDRO FERNÁNDEZ PORTAS	25.880,00€	NO	Sí	Sí

Valoración dacordo aos criterios de valoración e adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, as seguintes puntuacións:

LICITADOR	Oferta económica sen IVA	Puntuación oferta económica	Puntuación mellora: incremento do prazo de garantía	Puntuación mellora: redución do prazo de execución	Puntuación mellora: executar alimentación e conexión dos equipos	TOTAL PUNTOS
ISIDRO FERNÁNDEZ PORTAS	25.880,00€	10	0	10	40	60 (Proposto para a adxudicación)

Dacordo á avaliación da proposta aportada polo licitador, a mesa conclue a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación dacordo ás puntuacións obtidas polo licitador nas diferentes fases:

Orden: 1NIF: 35431020A ISIDRO FERNANDEZ PORTAS. Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 60

Total puntuación: 60

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Adxudicar o contrato de suministros denominado “Adquisición, instalación e posta en marcha de elementos para refrigerado na Praza de Abastos de Vilaxoán”, con un orzamento de licitación de 26.690,00 € (sen IVA); 32.294,90 € (con IVA), ao licitador con NIF 35431020A ISIDRO FERNANDEZ PORTAS, de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación presupuestaria 4312-62300.

A oferta do licitador e a seguinte:

- Prezo ofertado: 25.880,00€ (sin IVA), ao que corresponde un IVA (21%) de 5.434,80 €, o que totaliza un importe de 31.314,80 € (IVA incluído).

- Melloras:

- Redución do prazo de execución en un mes.
- Execución da alimentación e conexión dos equipos dende os puntos de alimentación existentes na plaza de abastos, incluíndo - se fose necesario- alimentación dos circuitos eléctricos que sexan precisos (cableado e proteccións necesarias según REBT), de auga e saneamento, totalmente instalados.

- Requerir ao empresario ISIDRO FERNANDEZ PORTAS para que, no prazo de 7 días hábiles a contar dende o envío da comunicación, presente a documentación establecida nos pregos que rexen a licitación e que no pueda obtense a través del Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas, del Registro General de Contratistas de la Comunidad Autónoma de Galicia, de las bases de datos de la Agencia Tributaria da Seguridade Social, así como a garantía definitiva por importe del 5% do importe de adxudicación IVA excluído.

## PRP2024/2794

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Medio Ambiente, Parques e Xardíns, para adxudicar o contrato menor de obras de reparacións na pérgola do parque da Xunqueira:

Os servizos municipais de Parques e Xardíns, que fan o coidado e mantemento das áreas verdes municipais, detectaron un importante deterioro nas táboas de madeira da cuberta da pérgola sita no Parque da Xunqueira, especialmente nunha das vigas desta estrutura.

Vista a necesidade existente de reparación e de revisión do estado das vigas de madeira desta cuberta, sita no Parque da Xunqueira, ante o mal estado das mesmas provocado polo paso do tempo, así como polas abundantes precipitacións que van afectando á madeira.

Tendo en conta que se trata dunha zona pública, de tránsito habitual de veciñas e veciños, que conta cunha gran afluencia de xente e, especialmente, como zona de xogo de nenas e nenos; faise imprescindible a execución dunha pronta actuación para reparar a pérgola e garantir así a seguridade da estrutura e que esta zona volva a ser accesible e segura para o seu uso por toda a cidadanía.

Por todo o anteriormente exposto, o concello de Vilagarcía de Arousa, co obxectivo de emendar as deficiencias descritas e, especialmente, para garantir a seguridade desta zona do parque da Xunqueira, contempla unha solución que pasa pola reparación desta pérgola, mediante a retirada dos taboleiros de madeira da cuberta que están deteriorados, así como da viga, e a súa substitución, ademais do saneamento de todas as vigas. A actuación supón, por tanto, a execución das tarefas necesarias para a completa reparación e restauración da cuberta e vigas de madeira da pérgola do Parque da Xunqueira.

